

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

13115 *Real decreto 1145/2011, do 29 de xullo, polo que se modifica o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.*

Este real decreto ten por obxectivo principal simplificar as obrigas dos investidores non residentes en instrumentos financeiros de renda fixa para a percepción efectiva dos seus rendementos. Nunha situación como a actual, en que a economía española ten importantes necesidades de financiamento ou refinanciamento exterior, resulta preciso acomodar os requisitos regulamentarios exixibles aos investidores non residentes ao contexto legal vixente. Do mesmo modo, simplifícanse as obrigas relativas aos suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades respecto do investimento en determinados instrumentos financeiros de renda fixa.

Así mesmo, incorpóranse unha serie de modificacións que son axustes técnicos.

O artigo único modifica determinados preceptos do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

Acláranse en primeiro lugar determinadas dúbidas respecto da necesidade de que os investidores non residentes obteñan un número de identificación fiscal cando invistan en valores, de maneira que non teñan que obter ineludiblemente un número de identificación fiscal. Así, o dito mecanismo de control, imprescindible para o seguimento de todas as operacións con transcendencia tributaria, nestes casos permítense que poida ser substituído por outros mecanismos alternativos.

Regúlase en segunda instancia o procedemento para facer efectivos os pagamentos aos tedores de débeda, pública ou privada, e que afectan, entre outros, investidores non residentes que efectúan investimentos en instrumentos financeiros de renda fixa, xa sexan emitidos directamente en España ou por entidades que pertencen a unha entidade de crédito dominante ou unha entidade cotizada titular dos dereitos de voto, para a aplicación dos beneficios fiscais previstos no ordenamento.

O novo enfoque ten por obxecto simplificar o actual procedemento como consecuencia da evolución normativa que tivo lugar nos últimos tempos no relativo ao tratamento da débeda, xa sexa do Estado ou privada.

Así, en primeiro lugar, o Real decreto lei 2/2008, do 21 de abril, de medidas de impulso á actividade económica, amplía o ámbito das exencións en relación coa débeda pública e outros instrumentos de renda fixa para todos os non residentes con independencia do seu lugar de residencia.

En segundo lugar, a Lei 4/2008, do 23 de decembro, pola que se suprime o gravame do imposto sobre o patrimonio, se xeneraliza o sistema de devolución mensual no imposto sobre o valor engadido, e se introducen outras modificacións na normativa tributaria, efectuou dous cambios; dunha parte, no relativo á débeda privada, sinálase, na disposición derradeira segunda, que a información que se deberá remitir á Administración tributaria debe referirse en exclusiva aos titulares que deben tributar en España; doutra parte, no atinente á normativa tributaria que afecta os non residentes, no artigo segundo elimínase a obriga de informar respecto das rendas derivadas de débeda pública obtidas por non residentes sen establecemento permanente en España. Isto último, en coherencia co alcance anteriormente citado da exención de rendas, que afecta igualmente, polo xogo de remisións da normativa, a débeda privada.

A normativa actualmente vixente relativa á acreditación da identidade dos investidores non residentes encontrábase, dunha parte, no referente á débeda do Estado, no Real decreto 1285/1991, do 2 de agosto, polo que se establece o procedemento de pagamento de xuros de débeda do Estado en anotacións a non residentes que invistan en España sen mediación de establecemento permanente e, doutra, respecto ao tratamento das participacións preferentes, outros instrumentos de débeda e fondos de titulización, nos artigos 43 e 44 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

Ata a aprobación do citado Real decreto lei 2/2008 resultaba preciso distinguir a procedencia do investimento dos non residentes, xa que con anterioridade determinados investidores non podían beneficiarse da exención da tributación para os instrumentos de débeda pública prevista no artigo 14 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo.

Coa aprobación do Real decreto lei 2/2008, do 21 de abril, e da Lei 4/2008, do 23 de decembro, resulta lóxico simplificar o procedemento vixente, tanto no relativo á débeda pública como aos instrumentos de débeda privada.

Para iso, modifícase o artigo 44 do citado Regulamento aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e no dito precepto unifícase o procedemento para a débeda privada e a débeda pública.

Co esquema que se propón simplifícanse en gran medida os condicionantes de índole formal ata agora existentes para efectuar o pagamento de rendementos a favor dos investidores non residentes en instrumentos financeiros de renda fixa. Igualmente, os rendementos a favor de suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades seguirán o mesmo sistema de pagamento, en prol da simplificación de obrigas formais.

A disposición derogatoria elimina do ordenamento o vixente réxime aplicable á débeda do Estado establecido polo Real decreto 1285/1991, do 2 de agosto, e as súas normas de desenvolvemento. Así mesmo, elimínase o corte temporal respecto da obriga de reter que existía para determinados activos financeiros emitidos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999 e cuxos tedores foren suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades e determinado réxime procedemental relativo ao pagamento de xuros de débeda do Estado a favor de entidades exentas.

Por último, a disposición derradeira establece a súa entrada en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xullo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo:

Un. Modifícanse as letras b) e f) do número 2 do artigo 27, que quedan redactadas da seguinte forma:

«b) Cando se pretenda adquirir ou transmitir valores representados por medio de títulos ou anotacións en conta e situados en España. Nestes casos, as persoas ou entidades que pretendan a adquisición ou transmisión deberán comunicar, no momento de daren a orde correspondente, o seu número de identificación fiscal á

entidade emisora ou intermediarios financeiros respectivos, que non atenderán aquela ata o cumprimento desta obriga, de acordo co artigo 109 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Así mesmo, o número de identificación fiscal do adquirente deberá figurar nas certificacións acreditativas da adquisición de activos financeiros con rendemento implícito.

O disposto neste número non será de aplicación ás adquisicións ou transmisións de valores que se realicen a través das contas a que se refire o artigo 28.7 deste regulamento.»

«f) Cando se realicen operacións de subscripción, adquisición, reembolso ou transmisión de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo españois ou que se comercialicen en España conforme a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo. Nestes casos, as persoas ou entidades que realicen estas operacións deberán comunicar o seu número de identificación fiscal ás entidades xestoras españolas ou que operen en España mediante sucursal ou en réxime de libre prestación de servizos ou, no seu defecto, ás sociedades de investimento ou entidades comercializadoras. O número de identificación fiscal deberá figurar nos documentos relativos ás ditas operacións.

O disposto neste número non será de aplicación ás operacións que se realicen a través das contas a que se refire o artigo 28.7 deste regulamento.»

Dous. Modifícase o número 7 e engádesse un novo número 9 do artigo 28, que quedan redactados da seguinte forma:

«7. Quedan exceptuadas do réxime de identificación previsto neste artigo as contas en euros e en divisas, sexan contas de activo, de pasivo ou de valores, a nome de persoas físicas ou entidades que acreditasen a condición de non residentes en España. Esta excepción non se aplicará ás contas cuxos rendementos se satisfagan a un establecemento do seu titular situado en España.»

«9. A condición de non residente, para os exclusivos efectos previstos nos supostos a que se refiren os números 2, 7 e 8 anteriores, poderá acreditarse ante a entidade que corresponda a través dun certificado de residencia fiscal expedido polas autoridades fiscais do país de residencia ou ben mediante unha declaración de residencia fiscal axustada ao modelo e condicións que aprobe o ministro de Economía e Facenda.»

Tres. Modifícase a rúbrica da subsección 4.^a da sección 2.^a do capítulo V do título II, que queda redactada da seguinte forma:

«Subsección 4.^a Obrigas de información respecto de determinadas operacións con débeda pública do Estado, participacións preferentes e outros instrumentos de débeda».

Catro. Modifícase o artigo 44, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 44. *Réxime de información respecto de determinadas operacións con débeda pública do Estado, participacións preferentes e outros instrumentos de débeda.*

1. O disposto neste artigo resultará de aplicación aos seguintes rendementos:

a) Xuros de valores de débeda pública do Estado negociados no mercado de débeda pública en anotacións, así como outros rendementos derivados de valores da mesma natureza emitidos ao desconto ou segregados.

b) Xuros dos valores regulados na disposición adicional segunda da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, así como rendementos derivados

dos instrumentos de débeda previstos nesta disposición emitidos ao desconto a un prazo igual ou inferior a doce meses.

2. Tratándose de débeda pública do Estado, o emisor ou o seu axente de pagamentos autorizado aboará en cada vencemento e polo seu importe íntegro, ás entidades xestoras do mercado de débeda pública en anotacións e ás entidades que xestionan os sistemas de compensación e liquidación de valores con sede no estranxeiro, que teñan un convenio suscrito cunha entidade de compensación e liquidación de valores domiciliada en territorio español, os rendementos correspondentes aos valores que figuren rexistrados nas súas contas de terceiros a favor de:

- a) Non residentes sen establecemento permanente en territorio español.
- b) Suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, así como non residentes con establecemento permanente en territorio español.
- c) Contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, pola parte correspondente a cupóns segregados e principais segregados, cando no reembolso interveña unha entidade xestora.

De igual forma se aboarán, polo seu importe íntegro, os rendementos correspondentes aos saldos que figuren rexistrados na conta propia dos titulares de conta no mercado de débeda pública en anotacións.

3. Para efectos do previsto no número 2, as entidades xestoras e as entidades que xestionan os sistemas de compensación e liquidación de valores con sede no estranxeiro, citadas no dito número, deberán presentar ante o emisor, de ser o caso a través do Banco de España, unha declaración, axustada ao modelo que figura como anexo a este regulamento, que, de acordo co que conste nos seus rexistros, conteña a seguinte información:

- a) Identificación dos valores.
- b) Importe total dos rendementos.
- c) Importe dos rendementos correspondentes a contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, excepto cando se trate de cupóns segregados e principais segregados de débeda pública do Estado en cuxo reembolso interveña unha entidade xestora.
- d) Importe dos rendementos que, conforme o previsto no número 2, deban aboarse polo seu importe íntegro.

Esta declaración non procederá presentala respecto das letras do Tesouro, nin por parte das entidades xestoras respecto dos cupóns segregados e principais segregados de débeda pública do Estado.

4. Tratándose de valores a que se refire a letra b) do número 1, rexistrados orixinariamente nunha entidade de compensación e liquidación de valores domiciliada en territorio español, a mencionada declaración será presentada, nos mesmos termos sinalados no número 3, polas entidades que manteñan os valores rexistrados nas súas contas de terceiros, así como polas entidades que xestionan os sistemas de compensación e liquidación de valores con sede no estranxeiro que teñan un convenio suscrito coa citada entidade de compensación e liquidación de valores domiciliada en territorio español.

Os rendementos correspondentes aos titulares mencionados nas letras a) e b) do número 2 aboaranse igualmente polo seu importe íntegro.

De igual forma se aboarán, polo seu importe íntegro, os rendementos correspondentes aos saldos que figuren rexistrados na conta propia das entidades depositarias.

5. Tratándose de valores a que se refire a letra b) do número 1, rexistrados orixinariamente nas entidades que xestionan sistemas de compensación e liquidación de valores con sede no estranxeiro, recoñecidas para estes efectos pola normativa española ou pola doutro país membro da OCDE, o axente de pagamentos designado polo emisor deberá presentar unha declaración ante o emisor, axustada

ao modelo que figura no anexo ao presente regulamento, informando sobre a identificación dos valores e o importe total dos rendementos correspondentes a cada entidade que xestiona o sistema de compensación e liquidación de valores con sede no estranxeiro, os cales se aboarán polo seu importe íntegro.

6. As declaracións mencionadas nos números anteriores presentaranse o día hábil anterior á data de cada vencemento dos xuros ou, no caso de valores emitidos ao desconto ou segregados, no día hábil anterior á data de cada amortización dos valores, reflectindo a situación ao peche do mercado dese mesmo día. Tales declaracións poderán remitirse por medios telemáticos.

Tratándose de valores emitidos ao desconto ou segregados, a información de rendementos substituirase pola información sobre importes a reembolsar. Non obstante, respecto dos rendementos derivados da amortización destes valores que se encontren sometidos a retención, a declaración incluirá ademais o importe de tales rendementos.

No caso previsto no parágrafo anterior a declaración presentarase ante o emisor ou, de ser o caso, ante a entidade financeira á cal o emisor lle encomendase a materialización da amortización ou reembolso.

7. No caso de vencemento de xuros, a falta de presentación da declaración a que se refire este artigo, por algunha das entidades obrigadas, na data prevista no primeiro parágrafo do número 6 anterior, determinará, para o emisor ou o seu axente de pagamentos autorizado, a obriga de aboar os xuros que correspondan á dita entidade polo importe líquido que resulte da aplicación do tipo xeral de retención á totalidade deles.

Posteriormente, se dentro dos trinta días naturais contados desde a data de vencemento dos xuros no suposto de valores de débeda pública do Estado, ou antes do día 10 do mes seguinte ao mes en que venzan os xuros derivados dos valores a que se refire o número 1.b) deste artigo, a entidade obrigada presentar a correspondente declaración regulada neste artigo, o emisor ou o seu axente de pagamentos autorizado procederá, tan pronto como a reciba, a aboar as cantidades retidas en exceso.

8. Todo o previsto nos números anteriores se aplicará sen prexuízo das obrigas de información establecidas con carácter xeral na normativa tributaria, para os emisores, así como para as entidades residentes en España que na súa calidade de intermediarios financeiros actúen como depositarios dos valores a que se refire o número 1 deste artigo, en relación cos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades e os contribuíntes do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente en España, que sexan titulares dos valores de acordo co que conste nos rexistros de tales entidades.»

Cinco. Engádesse unha nova disposición adicional décimo sexta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo sexta. *Habilitacións sobre o procedemento de pagamento de rendementos de débeda pública do Estado.*

1. Habilitase o Banco de España para que, de acordo co procedemento previsto no número 7 do artigo 44 deste regulamento, aboe ás entidades xestoras as cantidades retidas en exceso pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira aos titulares de débeda pública do Estado.

2. O ministro de Economía e Facenda determinará a forma e prazos en que o Banco de España enviará a información pertinente á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira e á Administración tributaria para a súa comprobación polos procedementos de intercambio de información previstos no ordenamento vixente.

3. O ministro de Economía e Facenda e o Banco de España adoptarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento do procedemento previsto no artigo 44 deste regulamento.»

Seis. Engádesse o seguinte anexo, que queda redactado da seguinte forma:

«Anexo ao Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007

Modelo de declaración a que se refiren os números 3, 4 e 5 do artigo 44 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos

Don (nome), con número de identificación fiscal ⁽¹⁾ (...), en nome e representación de (entidade declarante), con número de identificación fiscal ⁽¹⁾ (...) e domicilio en (...) en calidade de (marcar a letra que proceda):

- (a) Entidade xestora do mercado de débeda pública en anotacións.
- (b) Entidade que xestiona o sistema de compensación e liquidación de valores con sede no estranxeiro.
- (c) Outras entidades que manteñen valores por conta de terceiros en entidades de compensación e liquidación de valores domiciliadas en territorio español.
- (d) Axente de pagamentos designado polo emisor.

Formula a seguinte declaración, de acordo co que consta nos seus propios rexistros:

1. En relación cos números 3 e 4 do artigo 44:

- 1.1 Identificación dos valores.....
- 1.2 Data de pagamento dos rendementos (ou de reembolso se son valores emitidos ao desconto ou segregados).....
- 1.3 Importe total dos rendementos (ou importe total a reembolsar, en todo caso, se son valores emitidos ao desconto ou segregados)
- 1.4 Importe dos rendementos correspondente a contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, excepto cupóns segregados e principais segregados en cuxo reembolso interveña unha entidade xestora.....
- 1.5 Importe dos rendementos que conforme o número 2 do artigo 44 debe aboarse polo seu importe íntegro (ou importe total a reembolsar se son valores emitidos ao desconto ou segregados).

2. En relación co número 5 do artigo 44.

- 2.1 Identificación dos valores.....
- 2.2 Data de pagamento dos rendementos (ou de reembolso se son valores emitidos ao desconto ou segregados)
- 2.3 Importe total dos rendementos (ou importe total a reembolsar se son valores emitidos ao desconto ou segregados).....
- 2.4 Importe correspondente á entidade que xestiona o sistema de compensación e liquidación de valores con sede no estranxeiro A.
- 2.5 Importe correspondente á entidade que xestiona o sistema de compensación e liquidación de valores con sede no estranxeiro B.
- 2.6 Importe correspondente á entidade que xestiona o sistema de compensación e liquidación de valores con sede no estranxeiro C.

O que declaro en..... o de.....de

⁽¹⁾ En caso de persoas, físicas ou xurídicas, non residentes sen establecemento permanente farase constar o número ou código de identificación que corresponda de conformidade co seu país de residencia.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto quedarán derogadas todas as disposicións que se opoñan ao establecido nel e, en particular:

1. O número 1 da disposición transitoria cuarta do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.

2. O Real decreto 1285/1991, do 2 de agosto, polo que se establece o procedemento de pagamento de xuros de débeda do Estado en anotacións a non residentes que invistan en España sen mediación de establecemento permanente.

3. A Orde do 16 de setembro de 1991 pola que se desenvolve o Real decreto 1285/1991, do 2 de agosto, polo que se establece o procedemento de pagamento de xuros de débeda do Estado en anotacións a non residentes que invistan en España sen mediación de establecemento permanente.

4. As letras b) a g) do número 6 do número primeiro da Orde do 19 de xuño de 1997 pola que se regulan as operacións de segregación de principal e cupóns dos valores de débeda do Estado e a súa reconstitución e se autoriza a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira a formalizar préstamos singulares con institucións financeiras.

5. A Orde do 20 de abril de 1998 relativa ao procedemento de pagamento de xuros de débeda do Estado en anotacións ás entidades a que se refire o artigo 9 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

6. A Resolución da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira do 24 de setembro de 1991 relativa ao procedemento de pagamento de xuros a non residentes que invistan en débeda do Estado anotada sen mediación de establecemento permanente.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e aplicarase aos pagamentos de xuros, ou amortización ou reembolso de valores emitidos ao desconto ou segregados, que se efectúen a partir da dita data.

Dado en Madrid o 29 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ